

## REALIDADE ABSOLUTA

“O certo é que nas noites de treboada as campás da torre repican a morte. Déitome con medo, non podo esquecer aquel anoitecer, as cousas que aquel home sen rostro me fixo. Sen decatarse das bágoas que me caían polas meixelas, a aceleración do meu corazón, o tremer das miñas pernas”

Bonitas historias me contaba o meu avó cando eu era pequena. Aínda sinto como se estivese dentro delas, dentro daquelas historias que por moito que quixese negalo eran parte da realidade. Contábamas por anacos, coma se fose unha serie.

“Esta rapaza sufrira abusos machistas por parte dun varón, hai xa moitos anos. Nunca conseguira esquecelo, non tivo moitos amigos na escola, ninguén quería estar con ela”.

Estas historias axudábanme a comprender o mundo. O meu avó contábamas coa intención de facer de min unha boa persoa e ensinarme que ningún ser é inferior.

Nerea Almeida - 3ºA